



## III CARREIRA SOLIDARIA DE NADAL BUEU 2017 A FAVOR ASOCIACIÓN BICOS DE PAPEL

### Presentación:

O servizo de Deportes do Concello de Bueu, organiza o sábado 23 de Decembro a terceira edición da carreira solidaria de Nadal 2017 a favor da asociación bicos de papel.

A proba dará comenzo ás 16:00 horas e terá a súa saída na praza do concello. A carreira terá un carácter popular e solidario polo que non será necesario ter licencia federativa nin realizar unha inscrición previa.

Os corredores si que terán que ter un dorsal o cal se recollerá no lugar da saída ata a mesma hora que dará comezo a proba.

### Características da carreira:

- A proba realizarase nun circuíto polas rúas da localidade con saída e chegada na praza Massó.
- O percorrido terá unha distancia de 2km.
- Os participantes deberán de estar na liña de saída 5 minutos antes do comezo da proba.
- Será motivo de expulsión da carreira calquera infracción grave ou comportamento antideportivo que estime a organización.
- A inscrición terá un prezo de 5€ os cales na súa totalidade serán destinados en favor da asociación Bicos de papel.
- A organización non se fará responsable dos obxectos de valor extraviados polos participantes.

### Inscrición:

- A inscrición poderá realizarse de dúas formas:

- Inscrición previa:
  - A data límite para realizar a inscrición previa será o xoves 21 de decembro.
  - A inscrición realizarase entregando cuberta a folla de inscrición da proba xunto co recibo do ingreso do prezo da inscrición (5€) no seguinte nº de conta: **ES90 0133 4730 7542 0000 4113** (LA CAIXA- CAIXABANK) da asociación **Bicos de papel**.
  - As follas de inscrición están dispoñibles no servizo de Deportes do Concello e na páxina web [www.concellodebueu.org](http://www.concellodebueu.org)
  - As follas cubertas deberán entregarse antes da data límite xunto co resgardo no servizo de Deportes ou a través do correo [deportes@concellodebueu.org](mailto:deportes@concellodebueu.org)
- Inscrición o día da carreira retirando o dorsal co pagamento da inscrición (5€) no lugar de recollida dos dorsais. O máximo de inscricións deste xeito será ata que se acaben os dorsais.



**Trofeos e premios:**

- Recibirán trofeo os 3 primeiros clasificados absolutos en categoría masculina e feminina.
- Sortearanse agasallos para os participantes, os cales participarán neste sorteo co seu número de dorsal.

**Horarios:**

<b>HORARIOS III CARREIRA SOLIDARIA NADAL 2017</b>	
15:00	APERTURA DA RECOLLIDA DE DORSAIS
16:00	SAÍDA DA CARREIRA
17:00	HORA LÍMITE DE CHEGADA